


A Industria 4.0 dise que é xa a Cuarta Revolución, e a que se está vivindo hoxe en día, pois os procesos e funcións das industrias estanse modernizado; están a cambiarse totalmente os seus mecanismos a través da chegada de robots, drons, nanotecnoloxía, intelixencia artificial e outros sistemas complexos, creando así as chamadas "Fábricas 4.0" ou "Smart Factories", aquelas que logran que todos os sistemas produtivos queden interconectados entre si para facilitar a comunicación de información, optimizar procesos e aumentar a calidade dos produtos de acordo ás peticións e preferencias dos clientes. Pódense definir tamén como a propia integración do mundo físico e o mundo virtual. Algunhas dos beneficios e vantaxes que trae consigo a Industria 4.0 son: Mellor cumprimento de especificacións e requirimentos do cliente, aumento da produtividade, mellora da calidade, maior eficiencia, redución do persoal, mellor control dos recursos físicos e redución de custos.



## Principais Tecnoloxías 4.0:

- \* Big Data, Data Mining y Data Analytics.
- \* Impresión 3D ou Impresión Aditiva.
- \* Robótica colaborativa ou Cobot.
- \* Sistemas ciberfísicos.
- \* Ciberseguridade.
- \* Realidade aumentada e Realidade Virtual.
- \* Cloud Computing.
- \* Loxística 4.0 e Smart Logistics.
- \* Intelixencia Artificial.
- \* Sistemas para a integración vertical e horizontal de información.

## Barreiras de entrada para proxectos de Industria 4.0:

- \* Falta de información.
- \* Investimento alto para o desenvolvemento ou adquisición de moitas das súas tecnoloxías.
- \* Falta de persoal con competencias requiridas para o ámbito da Industria 4.0.
- \* Falta de infraestrutura e coñecementos tecnolóxicos.
- \* Medo e incerteza por alto risco.
- \* Liderado de alta dirección, necesario.
- \* Cumprimento de normas e políticas exteriores

## Claves de Detección para Ideas de Industria 4.0:

É imprescindible analizar os seguintes factores ante o reto de implementar un proxecto de Industria 4.0:

- \* O equipo (persoal) co que se conta.
- \* O mercado para abarcar.
- \* As capacidades financeiras.
- \* A rendibilidade esperada do negocio.
- \* A relación do sector do proxecto para desenvolver coa Industria 4.0.
- \* As oportunidades que poidan atoparse no exterior.
- \* A penetración ao mercado do produto/sistema a desenvolver.
- \* A identificación dos clientes potenciais.

## Demanda potencial:

Os sectores de Galicia nos que máis se está observando maior apoio para proxectos en relación coa Industria 4.0, en xeral, son:

**AUTOMOTRIZ  
AERONÁUTICO  
AGROALIMENTARIO  
MADERERO**

## Competencias Profesionais 4.0

INDUSTRIA 4.0.	
COMPETENCIAS REQUIRIDAS	COÑECEMENTOS REQUIRIDOS
Solucionador de problemas	Coñecemento das ferramentas tecnolóxicas emerxentes
Toma de decisións	Coñecemento da visión e obxectivos da empresa na Industria 4.0
Innovación dixital e aberta	Coñecementos de programación
Creatividade	Coñecementos de "economía dixital"
Capacidades cognitivas	Coñecementos dixitalización
Flexibilidade/ Adaptación ao cambio	Coñecementos de Data Science (Ciencia de datos)
Pensamento estratéxico / Sisémico	
Autoxestión do tempo / Autodesenvolvemento	
Idiomas	
Co-creación en proxectos	
Habilidades de comunicación	
Xestión adecuada da cadea de valor	

### Postos de traballo para Industrias 4.0

Analista programador	Técnico de asistencia remota	Técnico de hardware	Especialista en xeoreferenciación
Técnico en redes e sistemas	Técnico de instalación e mantemento de microinformática	Técnico en automatización e robótica	Especialista en e-health
Técnico en mantemento eléctrico	Responsable en sistema TICs	Responsable de servizo de soporte	Deseñador gráfico
Arquiteto en sistemas	Analista funcional	Xefe de Proxecto	Xefe de Contas
Consultor software	Técnico de instalación e mantemento de redes	Especialista en realidade virtual	Desenvolvedor web

### O perfil do Emprendedor 4.0 compréndese de:

- Experiencia en xestión empresarial.
- Experiencia no sector ou sectores onde se vai a aplicar a tecnoloxía.
- Experiencia na propia tecnoloxía
- Experiencia na procura de financiamento especialmente para a fase de inicio da empresa.
- Formación tecnolóxica sólida, tanto nas tecnoloxías 4.0 como naquelas tecnoloxías que as empresas xa teñen implantadas e os as que terá que interactuar e buscar unha integración adecuada.
- Coñecementos específicos da tecnoloxía para abarcar.
- Unha idea de solución técnica a un problema en específico detectado dentro dalgún sector da industria.